

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE XUÑO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016/17.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declara municipio turístico o concello de Portomarín (Lugo).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ortigueira para a execución da actuación de saneamento e depuración no Baleo, cofinanciado polo Fondo europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de trescentos corenta e un mil corenta e tres euros con noventa e seis céntimos (341.043,96 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Dodro para a execución da actuación de saneamento en Lestrobe, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ribeira para a execución da actuación de saneamento na parroquia de Santa María de Olveira, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos vinte e cinco mil euros (225.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Lousame para a execución da actuación de saneamento nas parroquias de Lousame e Vilacova, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, por un importe de douscentos mil euros (200.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Arnoia para a execución da actuación de remate da rede de abastecemento no Val de San Vicente, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de cento setenta e cinco mil euros (175.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Mondoñedo para a execución da actuación de renovación da tubaxe de abastecemento na Avenida de Bos Aires en Mondoñedo. Concello de Mondoñedo”, cofinanciado

polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, por un importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Cañiza para a urbanización da rúa Vilanova (PO-406), entre os p.q. 0+000 e 0+170, na Cañiza, por un importe total de douscentos vinte mil vinte e tres euros con noventa e oito céntimos (220.023,98€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a empresa Viguesa de Transportes, S.A., como contratista do transporte urbano municipal, para a integración do concello de Vigo na Área de Transporte Metropolitano de Vigo e para a determinación das condicións de compensación tarifaria e obrigas asociadas a ela na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe de catrocentos oitenta mil euros (480.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Christian-Albrechts-Universität zu Kiel para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o décimo acordo de prórroga do concerto asinado o 18 de outubro de 2001 entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.07.2015 ao 30.06.2016, por un

importe de sesenta e tres mil novecientos trinta euros con cincuenta céntimos (63.930,50 €).

- Acordo polo que se autoriza o décimo acordo de prórroga do concerto asinado o 18 de decembro de 2001, entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai desde o 1.07.2016 ao 30.06.2017, por un importe de novecientos once mil oitocentos sesenta e oito euros con oito céntimos (911.868,08€).
- Acordo polo que se autoriza o décimo primeiro acordo de prórroga ao concerto asinado o 20 de abril de 2001, entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para utilizar as institucións sanitarias na investigación e na docencia universitarias no período que vai do 1.07.2016 ao 30.06.2017, por un importe de tres millóns oitocentos noventa e oito mil douscentos sesenta e tres euros con noventa e sete céntimos (3.898.263,97€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para asinar o convenio de colaboración coa Fundación Universidade da Coruña, para o desenvolvemento do programa Avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo. Importe: cento sesenta e un mil novecientos vinte euros (161.920,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e o Concello de Portomarín, para a construción dun centro onde se presten servizos das carteiras de servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia, consistente en 16 apartamentos tutelados. Importe total: un millón cen mil euros (1.100.00,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a concesión de axudas para a modernización, o establecemento de novas fórmulas e os medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego.
- Informe sobre as convocatorias de axudas para incentivar a creación de emprego de calidade entre os autónomos e os parados de longa duración.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas para o establecemento de sistemas agroforestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o exercicio orzamentario 2016.

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA

- *Os terapeutas ocupacionais exercen o seu labor profesional con persoas que presentan algunha discapacidade -física, psíquica ou sensorial- ou teñen risco de padecela, así como con persoas en risco de exclusión social*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Anteproxecto de Lei polo que se crea o Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, tendo así plena capacidade de obrar desde o momento en que se constitúan os seus órganos de goberno. Este anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia. Entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

O Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia agrupa os profesionais que estean en posesión do título universitario de Terapeuta Ocupacional, de conformidade co disposto no Real decreto 1420/1990, do 26 de outubro, polo que se establecen o título universitario oficial de diplomado/a en Terapia Ocupacional e as directrices xerais propias dos plan de estudos conducentes á obtención daquel, ou do correspondente título de grao. Igualmente, poderán integrarse no Colexio os profesionais que posúan outro título equivalente debidamente homologado pola autoridade competente.

Os terapeutas ocupacionais exercen o seu labor profesional con persoas que presentan algunha discapacidade -física, psíquica ou sensorial-, ou teñen risco de padecela, así como con persoas en risco de exclusión social. A colexiación regúlase no artigo 4 mediante remisión á lei estatal, por ser normativa básica. Polo tanto, salvo que se estableza o contrario na futura Lei estatal de servizos profesionais, a colexiación é voluntaria.

O interese xeral que concorre na creación deste colexio profesional fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución. Por iso, considérase que concorren razóns de interese público que xustifican a creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que permita a integración destes profesionais nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, someter os profesionais a unhas normas deontolóxicas e de control comúns e, en definitiva, protexer os intereses dos usuarios dos servizos prestados polos profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

Antecedentes

O pasado mes de xaneiro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza mediante escrito suscrito pola presidenta da

Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionais de Sanidad y Seguridad Social de Galicia, formalizou a solicitude de aprobación da Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia. O texto do anteproxecto de lei publicouse na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos de información pública e presentación de suxestións, e publicouse anuncio no *Diario Oficial de Galicia* para os mesmos efectos, para que calquera interesado poida consultar o expediente e formular as alegacións que considere oportunas. Neste trámite non se recibiron alegacións.

O CONSELLO DA XUNTA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO POLO QUE GALICIA CONTINUARÁ A SER A COMUNIDADE COS PREZOS DE MATRÍCULA UNIVERSITARIA MÁIS BAIXOS DE ESPAÑA

- *Deste xeito as familias galegas con fillos na universidade aforrarán 25 millóns anuais*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2016/17, o que permite que, un ano máis, Galicia volva ter os prezos de matrícula na universidade máis baixos de toda España. Neste sentido cómpre lembrar que, segundo o informe analizado no Consello no mes de abril sobre este asunto, se a nosa comunidade tivera as taxas universitarias iguais á media de España, as familias galegas con fillos ou fillas na Universidade desembolsarían anualmente 25 millóns de euros adicionais no pagamento destes estudos, polo que a decisión de conxelalas por cuarto ano consecutivo supón un importante aforro para as economías familiares.

Cómpre salientar, ademais, que todos os membros do Consello Galego de Universidades votaron de forma unánime a favor da conxelación dos prezos públicos no último pleno deste organismo, celebrado o pasado 8 de xuño.

Con esta proposta, a Xunta ratifica a súa decisión de manter os prezos públicos nos niveis dos cursos anteriores, de xeito que o Sistema universitario de Galicia continúe a ser o máis accesible de toda España para o estudantado. Reforza, por tanto, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo desde o ano 2009.

Prezos medios

No caso dos graos universitarios, o prezo medio das primeiras matrículas de grao (que representan preto dun 83% do total) mantense en 11,89 euros/crédito, o máis baixo de España, fronte aos 33,52 euros de media de Cataluña.

Tamén no caso dos máster os prezos son os máis baixos, cunha media de 26,49 euros, fronte aos 65,87 euros/crédito de Cataluña, e de 12,63 euros por debaixo da media estatal.

Cómpre lembrar que Galicia é comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da Universidade por motivos extra académicos. Para iso, o Consello Galego de Universidades emitiu informe favorable a suba mínima permitida dos prezos públicos (o IPC) nos cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/2012. A partir do cambio de sistema para a actualización dos prezos, o curso

2012/13 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para os cursos 2013/14, 2014/15 e 2015/16 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón agora para o curso 2016/17. Para os cursos 2013/14, 2014/15 e 2015/16 optouse pola conxelación, da mesma forma que se fai agora para o curso 2016/17.

SANIDADE APROBA A CREACIÓN DA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE PERSOAL ENFERMEIRO ESPECIALISTA

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o texto do decreto que ten por obxecto a creación da categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista. Previamente foi negociado e aprobado pola unanimidade das organizacións sindicais da Mesa Sectorial de Sanidade.

De conformidade co Real decreto 639/2014, do 25 de xullo, créase no Servizo Galego de Saúde a categoría de persoal enfermeiro especialista, que englobará todas as especialidades de enfermaría (saúde mental, traballo, pediatría, enfermaría familiar e comunitaria, coidados médico-cirúrxicos e xeriatría) agás a de matrona -que preexiste polo seu carácter de profesión sanitaria específica.

A creación desta categoría xenérica permitirá ir incorporando aos cadros de persoal do Sergas os profesionais das especialidades que vaian demandando as necesidades asistenciais; ademais, permite a adecuación das categorías profesionais ás necesidades do Sistema sanitario público; dá homoxeneidade na definición e requisitos de titulación das especialidades de enfermaría; e posibilita a incorporación do novo persoal titulado das especialidades de enfermaría en condicións de pleno recoñecemento normativo e profesional.

O Servizo Galego de Saúde destaca que a formación especializada dos profesionais do Sistema sanitario público redunda en beneficio da calidade da asistencia sanitaria dispensada aos cidadáns.

Unha vez creada, procederase a axustar os sistemas de provisión temporal e definitiva (concursos de traslados, listas de selección temporal, etc.) á nova categoría.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA DECLARAR MUNICIPIO TURÍSTICO GALEGO O CONCELLO DE PORTOMARÍN

- *Galicia conta así cun total de 47 municipios turísticos nas catro provincias galegas, 13 deles na provincia de Lugo*
- *O concello de Portomarín conta con numerosos atractivos turísticos e cumpre amplamente os requisitos establecidos para a súa declaración*
- *A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido, non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar a súa aprobación se deixan de concorrer as condicións conforme as cales se outorgou esta declaración*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se declara Municipio Turístico o concello de Portomarín.

Neste concello da provincia de Lugo, que limita cos concellos de Guntín, O Páramo, Paradela, Taboada e Monterroso, a actividade turística ten gran relevancia.

Portomarín conta con numerosos recursos de atracción turística entre os que destacan o Camiño de Santiago, a Feira Mensual, a Feira da Augardente, a Festa do Ramallo, os Domingos Folclóricos, a Festa do Cristo, a Festa dos Caneiros, a Ruta BBT da Anguía e Carreira Popular, entre outros. Todos eles xeran unha cantidade de visitantes superior á súa poboación en máis de cinco veces.

Así mesmo, o municipio reúne os requisitos esixidos para a dita declaración ao contar cunha media ponderada de poboación turística superior ao 25% do seu número de veciños e cun número de prazas de aloxamento turístico e de prazas de segunda residencia superior ao 50% do seu número de veciños. Tamén no referente aos servizos mínimos do municipio cumpre as condicións necesarias ao certificar a protección da salubridade pública e da hixiene, incluídas nas praias e costas, a protección civil, a seguranza cidadá, a promoción e protección dos recursos turísticos, a sinalización turística e a información xeral.

Outros elementos valorados para aprobar a declaración de Portomarín como Municipio Turístico foron o feito de que estea incluído no Plan de dinamización turística da Ribeira Sacra, un consorcio de turismo cuxo obxectivo é o desenvolvemento do destino; o aproveitamento do transcurso do Camiño Francés polo concello para a atracción de visitantes; a situación do municipio nun cruzamento entre dúas rutas de sendeirismo que transcorren por zonas de interese natural; o cumprimento óptimo da normativa sectorial de accesibilidade; e a existencia de materiais promocionais e paneis informativos que facilitan o acceso aos principais recursos turísticos así como a situación da oficina de información turística na mesma Praza Maior da vila.

Por todo isto, Portomarín cumpre amplamente os requisitos establecidos para a súa declaración como municipio turístico.

Galicia conta así cun total de 47 municipios turísticos nas catro provincias galegas. Coa incorporación de Portomarín, a provincia de Lugo acolle 13 municipios turísticos: Ribadeo, Monforte de Lemos, Mondoñedo, Chantada, Viveiro, Foz, Quiroga, Samos, Lugo, Sarria, Sober e Palas de Rei.

A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido. Non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar as citadas declaracións se deixasen de concorrer os requisitos e condicións conforme ás cales se outorgou esa declaración.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS A SEIS OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS DE ORTIGUEIRA, DODRO, RIBEIRA, LOUSAME, MONDOÑEDO E ARNOIA

- *O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dos seis convenios de colaboración en materia de augas, que permitirán a licitación das obras este mesmo ano*
- *As obras beneficiarán unha poboación de case 45.000 habitantes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe seis convenios de colaboración en materia de saneamento e abastecemento cuxo valor global ascende a preto de 1,3 millóns de euros. En concreto, os acordos aprobados refírense aos concellos de Ortigueira, Dodro, Ribeira, Lousame, Mondoñedo e A Arnoia.

Co visto e praxe a estes convenios, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pode asinar os convenios de colaboración que permitan a licitación das obras este mesmo ano. Grazas a estas actuacións beneficiarase unha poboación de case 45.000 habitantes (44.769).

Das colaboracións aprobadas esta mañá destaca o convenio co Concello de Ortigueira, polo seu importe e por tratarse dunha actuación de saneamento e abastecemento. Así, Augas de Galicia colaborará no saneamento e depuración no lugar do Baleo, cun importe de máis de 340.000 euros.

Na actualidade, un grupo de poboación pertencente ao núcleo O Baleo (parroquia de Ladrado) carece de servizo de saneamento debido á particular orografía da zona e o carácter diseminado da poboación. Con esta actuación preténdese dotar do servizo de saneamento de augas residuais ás vivendas deste núcleo, posibilitando a futura conexión das vivendas doutros núcleos estremeiros, e incluíndo, por un lado, a rede de colectores necesarios para a evacuación das augas fecais e, por outro, a instalación dunha estación depuradora de augas residuais que garanta unha depuración suficiente previa á vertedura ao río Baleo.

No caso do Concello de Dodro, Augas colaborará no saneamento en Lestrobe, cun orzamento de 250.000 euros. As obras que se pretenden executar consisten en definir unha rede separativa de saneamento e pluviais, xa que na actualidade é unha rede unitaria. Coa instalación dunha rede separativa optimizarase o funcionamento do sistema de colectores ao mesmo tempo que se evita que as augas pluviais deste núcleo sexan vertidas á depuradora.

O terceiro dos convenios é co Concello de Ribeira. Augas de Galicia destinará un orzamento de 225.000 euros ás obra de saneamento na parroquia de Santa María de Olveira, concretamente no lugar de Sirves, xa que na actualidade non dispoñen dela.

No Concello de Lousame executarase unha obra de saneamento nas parroquias de Lousame e Vilacova. Actualmente nos lugares de Filgueira, Seixido e Servia non existe rede de saneamento, polo que se pretende instalar un sistema de saneamento e depuración nos citados lugares para dar servizo aos veciños da zona. O importe desta actuación ascende a 200.000 euros.

A Consellería de Medio Ambiente tamén colaborará co Concello de Arnoia nos traballos de remate da rede de abastecemento no Val de San Vicente. O importe da dita actuación é de 175.000 euros. As obras pretenden completar a rede existente, polo que se actuará en dúas zonas dentro do núcleo de Val de San Vicente, que quedarán conectadas á rede preexistente.

Por último, no Concello de Mondoñedo executarase a obra de renovación da tubaxe de abastecemento na avenida de Bos Aires en Mondoñedo, que actualmente presenta problemas de funcionamento debido a súa antigüidade. O importe desta actuación é de 150.000 euros.

Este tipo de colaboracións garanten a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e dan cumprimento á Directiva marco da auga; colabórase coas entidades locais para mellorar a rede de abastecemento secundaria e garántese o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando, así mesmo, polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O GOBERNO GALEGO E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A URBANIZACIÓN DA RÚA VILANOVA MEDIANTE O INVESTIMENTO DE 220.000 EUROS

- *Trátase do acondicionamento do tramo da estrada PO-406 comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+170*
- *Este proxecto solucionará os problemas actuais de accesibilidade e mobilidade mediante a rehabilitación do firme ou o incremento do ancho das beirarrúas*
- *Con estas actuacións poténciase o desenvolvemento económico e social deste municipio pontevedrés e achégase unha maior calidade de vida aos seus veciños*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello da Cañiza para a urbanización da rúa Vilanova, na estrada entre A Cañiza e Filgueira (PO-406), co fin de incrementar a seguridade viaria.


Estas actuacións de mellora contarán cun investimento aproximado de 220.000 euros.

O obxectivo deste convenio é mellorar as deficiencias coas que conta na actualidade a estrada PO-406, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+170, ao seu paso polo concello da Cañiza.

As obras obxecto do convenio incrementarán o ancho das beirarrúas mediante a eliminación do aparcadoiro da zona e mellorarán a actual pavimentación. Ademais, realizarase a renovación do saneamento e executarase a rede separativa, de abastecemento e iluminación.

A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello da Cañiza, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

Os traballos aprobados hoxe enmárcanse dentro das actuacións recollidas no Plan MOVE, que persegue mellorar das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.gal



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO PARA A INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO, QUE PERMITIRÁ ELEVAR OS AFORROS DOS USUARIOS ATA 1.000 EUROS AO ANO

- *A integración do autobús urbano permitirá ofrecer os transbordos gratuítos aos usuarios que empreguen o autobús interurbano para entrar ou saír na cidade cara a algún dos outros 12 concellos que integran a Área de Transporte Metropolitano de Vigo*
- *A Xunta, que xa financia o 80% das bonificacións do billete interurbano, subvencionará o pagamento dos 0,86 euros do transbordo no transporte urbano*
- *A Área de Transporte Metropolitano de Vigo estará conformada por 13 municipios: Vigo, Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén*
- *O emprego da tarxeta do PTM ofrece descontos medios do 50% nas viaxes metropolitanas e os usuarios recorrentes, aqueles con máis de 40 viaxes nun mes, terán unha bonificación adicional do 15%*
- *Os membros de familias numerosas, coa utilización desta tarxeta, tamén obterán descontos de entre o 20%, para categoría normal e o 50% en categoría especial*
- *Dende a posta en marcha da Área de Transporte Metropolitano de Vigo ata a actualidade, contabilizáronse máis 2,7 millóns de viaxes e expedíronse máis de 33.572 tarxetas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, o Concello de Vigo e a empresa Viguesa de Transportes S.A. para a integración deste municipio na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, co que se elevarán aos 1.000 euros os aforros medios anuais.

A incorporación do Concello de Vigo á Área de Transporte Metropolitano de Vigo permitirá un incremento nos aforros, xa que á media anual actual de 600 euros será posible engadir, de media, 420 euros máis.

A Xunta de Galicia será a Administración encargada de subvencionar o pagamento dos 0,86 euros do transbordo no transporte urbano, polo que unha vez que o Concello de Vigo se adhira ao plan, os vigueses non van ter que achegar o custo do transporte urbano cando despois utilicen o interurbano.

Cómpre lembrar que en abril de 2015 entraba en funcionamento o Plan de transporte metropolitano na área de Vigo con doce concellos da comarca: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Moaña, Mos, Nigrán, Redondela, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Pazos de Borbén. Coa autorización deste convenio, o

Concello de Vigo sumarase a estes municipios que xa se están a beneficiar dos descontos do plan.

A Xunta, en todas as áreas en que xa está en marcha esta iniciativa, Vigo, A Coruña, Santiago, Ferrol e Lugo, contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, a Administración galega aporta unha bonificación dun 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, é dicir, por recorrencia, e ás familias numerosas, con descontos de entre un 20% a un 50%.

O emprego da tarxeta de transporte metropolitano ofrece aos usuarios descontos medios do 50% nas viaxes metropolitanas. Así mesmo, os usuarios recorrentes, é dicir, aqueles que realicen máis de 40 viaxes nun mes, terán unha bonificación adicional do 15% e os membros de familias numerosas obterán descontos de entre o 20% (categoría normal) e o 50% (familia numerosa especial). Estas bonificacións adicionais serán contabilizadas e procesadas e o sistema realizará unha recarga dous meses despois na tarxeta con tan só introducila no caixeiro automático.

Dende a posta en marcha da Área de Transporte Metropolitano de Vigo ata a actualidade, contabilizáronse máis de 2,7 millóns de viaxes, das cales un 37 % aproximadamente corresponden a navieiras. No mesmo período expedíronse máis de 33.572 tarxetas, das que en Vigo cidade se tramitaron 9.260, seguido por Cangas, Moaña e Redondela.

PRETO DE 1.000 COMERCIANTES GALEGOS BENEFÍCIANSE DO PROGRAMA DA XUNTA PARA IMPULSAR O *SMART COMMERCE* E O COMERCIO EN LIÑA

- *Economía, Emprego e Industria concedeu axudas por máis de 3 millóns de euros a comercios e obradoiros artesáns coas cales se porán en marcha novos sistemas de comercialización e información ao consumidor na internet*
- *Promóvense tamén melloras na xestión e na presentación dos produtos, así como na imaxe exterior e o acondicionamento dos locais*
- *O establecemento dun novo modelo de comercio intelixente que sitúe o cliente no centro da súa estratexia é un dos tres eixos do Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia*
- *Para seguir avanzando neste eido, a Xunta convocou a primeira edición dos premios Smart Commerce de Galicia*
- *Co obxectivo de contribuír á implantación das novas tecnoloxías e a dinamización das vendas, a Consellería asinará ademais un novo convenio coa Federación Galega de Comercio dotado con 480.000 euros*

Preto de 1.000 comerciantes e artesáns galegos beneficianse das axudas por máis de 3 millóns de euros que concedeu a Consellería de Economía, Emprego e Industria dentro do programa para impulsar o *smart commerce* e o comercio en liña, no cal obtiveron tamén apoios seis federacións e asociacións do sector comercial e artesán.

Con estas axudas impulsáranse preto de 600 proxectos de novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que combinan o comercio *on line* e o *off line*; que implican a utilización das redes sociais para a venda ou que avanza no desenvolvemento do *m-commerce* (comercio a través do móbil), ademais de páxinas web comerciais; complementando así a experiencia de compra presencial dos consumidores coas diferentes canles comerciais.

Ademais, cos apoios que concedeu a Consellería de Economía, Emprego e Industria desenvolveranse máis de 400 iniciativas centradas na implantación de ferramentas que melloran a xestión do negocio e o deseño dos seus produtos ou no desenvolvemento e implantación de novos sistemas de *packaging* e etiquetaxe; así como no desenvolvemento de novos produtos. Por outra banda, promoveranse máis de 900 proxectos centrados no acondicionamento de locais comerciais e na mellora da imaxe exterior e a adquisición de moblaxe e equipamento.

Con este programa contribúese ao establecemento do *smart commerce*, un novo modelo de comercio intelixente que sitúa o cliente no centro da súa estratexia, ámbito en que se centra o segundo dos retos do Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia. Así, neste segundo eixo apóstase por incrementar a innovación no sector

como un dos factores clave para mellorar a súa posición competitiva, impulsando as vendas na internet e novas fórmulas de comercialización dos produtos, así como de mellora do seu deseño e presentación.

Para seguir avanzando neste eido, a Xunta convocou a primeira edición dos premios *Smart Commerce de Galicia*, no cal se galardoará ás mellores iniciativas en cada provincia, destacando unha das catro como a mellor da comunidade, ademais de distinguir o mellor labor en comercio electrónico e a mellor estratexia en redes sociais. Os comerciantes poden presentar as súas candidaturas ata o vindeiro 22 de agosto.

Colaboración co asociacionismo

Tamén no marco do Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia, que ten no apoio ao asociacionismo comercial un dos seus piares, a Consellería de Economía, Emprego e Industria coopera un ano máis coa Federación Galega de Comercio no impulso á competitividade do sector, cun novo acordo de colaboración dotado con 480.000 euros, dos cales a Xunta achega o 90%. A través deste pónense en marcha distintas actuacións centradas na dinamización das vendas e na incorporación das novas tecnoloxías ao comercio de proximidade galego.

O convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta permite tamén o mantemento dun servizo de asesoramento ao sector comercial e de fomento do emprendemento, que se reforza este ano coa nova liña de información gratuíta 900 103 087.

Recóllese tamén a realización de campañas de incentivación das vendas nas vilas e cidades galegas e iniciativas para a implantación das novas tecnoloxías relacionadas coa fidelización de clientes e a potenciación do comercio electrónico. Así mesmo, Xunta e Federación colaboran na realización de encontros e xornadas centradas en eidos como a innovación, o emprendemento, a renovación e a consolidación comercial, achegando experiencias de éxito no pequeno comercio.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE KIEL PARA O ENSINO DA LINGUA, DA LITERATURA E DA CULTURA GALEGAS

- *O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio para o lectorado do Centro de Estudos Galegos na Christian-Albrechts-Universität zu Kiel*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa Christian-Albrechts-Universität zu Kiel para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, ao cal destinará 63.976,32 euros para os tres próximos cursos. Deste xeito dáse continuidade ao ensino da lingua propia de Galicia nesta universidade alemá, no marco da política de difusión exterior do galego que desenvolve a Xunta, e ao abeiro da que 1.633 persoas a estudan en institucións académicas de todo o mundo.

Ao abeiro deste acordo a universidade implantará unha serie de cursos que se articularán en módulos independentes que constituirán unha especialidade de Estudos Galegos dentro das titulacións universitarias en Filoloxía Hispánica ou Portuguesa, tanto a nivel de grao como de posgrao. Ademais, organizaranse actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia; baixo a acción dunha persoa lectora do Centro de Estudos Galegos desta universidade, tamén contratada ao abeiro deste convenio.

Por último, o orzamento poderá destinarse tamén á adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as devanditas accións.

Centros para a proxección exterior da lingua

A creación dos centros de estudos galegos enmárcase na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. Por outra banda, estes centros responden aos obxectivos do Plan xeral de normalización da lingua galega fixados no ámbito da proxección exterior, pois, a través deles, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve accións para dar a coñecer a lingua propia de Galicia e promove a investigación arredor do galego en 35 universidades europeas e americanas.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a

través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

A maioría destes centros –en concreto, 27 dos 35 existentes- refórzanse coa presenza de profesorado lector que, como complemento á súa actividade formativa, desenvolve labores de docencia, de investigación e de promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA PRETO DE 4,9 MILLÓNS DE EUROS ÁS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga dos concertos subscritos entre o Servizo Galego de Saúde e as universidades de Santiago, A Coruña e Vigo –asinados en 2001- por un importe de 4.874.062,55 euros para colaborar nos aspectos docentes, asistenciais e de investigación.

O concerto prorrógase por un período dun ano, dende o 1 de xullo de 2016 ata o 30 de xuño de 2017. Por universidades as contías repártense a razón de 3.898.263,97 euros para Santiago; 911.868,08 euros para A Coruña; e 63.930,50 para Vigo.

Esta colaboración entre as tres universidades galegas e o Servizo Galego de Saúde permite a utilización das institucións sanitarias para a investigación e a docencia universitaria. Entre os seus obxectivos está a formación dos alumnos de ciencias da saúde para conseguir os mellores profesionais do futuro, o mantemento da cualificación dos profesionais ao seu máis alto nivel e traballar para que as ensinanzas universitarias relacionadas coas ciencias da saúde poidan ser utilizadas para a mellora constante da atención sanitaria.

Ademais, poténciase a investigación das ciencias da saúde, coordinando as actividades das universidades coas das institucións sanitarias para unha mellor utilización dos recursos humanos.

Esta achega representa o compromiso da Consellería e o Servizo Galego da Saúde cos seus profesionais para que compartan a actividade asistencial coa docente e investigadora e poñer á disposición do Sistema universitario galego todos os seus recursos para a formación dos alumnos en ciencias da saúde.

A XUNTA DE GALICIA INVISTE MÁIS DE 160.000 NO PROGRAMA DE AVALIACIÓN E TRATAMENTO TERAPÉUTICO DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO

- *O convenio entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña permitirá incrementar o número de posibles beneficiarios nun 21% ata chegar aos 200 usuarios*
- *O acordo experimenta unha mellora cuantitativa, xa que o orzamento consignado polo departamento autonómico aumenta un 17% con respecto ao 2015; e unha mellora cualitativa, dado que por primeira vez, se pon en marcha un sistema de formación continua aos traballadores/as que interveñen directamente cos menores do sistema de protección*
- *Para a Xunta, é unha prioridade promover e potenciar a axeitada atención e tratamento terapéutico dos nenos/as que amosen desaxustes emocionais-conductuais severos relacionados coa situación de desprotección que sufriron*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña para o desenvolvemento do programa “Avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo” da Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF), e no que a Xunta investirá este ano 161.920 euros, un 17% máis que no pasado 2015. Grazas a esta achega, o número de posibles usuarios incrementarase nun 21%, chegando á posibilidade de atender 200 casos.

O programa inclúe o deseño e a aplicación do tratamento terapéutico dos/as menores derivados/as polos equipos técnicos de menores da Consellería; o seguimento e avaliación científica dos resultados e o asesoramento aos profesionais e coidadores dos/as menores que estean recibindo o tratamento. Así mesmo, por primeira vez este ano,ponse en marcha un sistema de formación continua aos traballadores/as que interveñen directamente cos menores do sistema de protección, de xeito que as sesións de terapia potencien a súa utilidade tanto en relación coa intensidade do traballo como coa permanencia deste.

En canto ao perfil dos usuarios, trátase de menores con expediente aberto nos servizos de protección (menores en garda ou tutelados/as, incluíndo menores infractores que cumpran medidas xudiciais), das catro provincias galegas. Así mesmo, poderán ser beneficiarios/as igualmente a familia biolóxica ou acollidora do/da menor e os/as profesionais que se ocupan del/dela (educadores/as, traballadores/as sociais e outros/as profesionais dos centros de acollemento residencial ou centros de día), que teñen unha relación de coidado e que compoñen o contorno afectivo do/a menor, en canto que configuran o seu sistema de referencia.

Cómpre destacar que os/as nenos/as incluídos no Sistema de protección de menores constitúen unha poboación de gran vulnerabilidade. Por unha banda, a maioría deles entran no sistema logo de padecer experiencias traumáticas de diferente índole ao longo das súas vidas nos seus contornos familiares. Por outra, unha vez dentro do sistema de protección, existe o risco de que aumente a súa vulnerabilidade polo dano que lles pode producir o cambio e a inestabilidade do entorno e dos profesionais que os atenden.

Así, a Xunta de Galicia considera prioritario promover e potenciar a través deste programa a axeitada atención e tratamento terapéutico dos nenos/as que amosen desaxustes emocionais-condutuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou cronificadas na convivencia dentro da súa familia de orixe.

A colaboración mantida coa Fundación Universidade da Coruña enmárcase dentro dos diferentes programas que se están a executar no ámbito da protección de menores que se desenvolven na nosa Comunidade Autónoma. Este programa complementa os de acollemento residencial e familiar (unha modalidade de protección á infancia que permite que familiares se fagan cargo temporalmente dos nenos e as nenas cando se ve impedida a convivencia cos seus pais), de atención de día e de integración familiar da Consellería de Política Social.

A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PORTOMARÍN IMPULSARÁN A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO CON 40 PRAZAS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

- *A actuación levarase a cabo mediante un convenio de colaboración entre a Administración autonómica, que achegará ata 200.000 euros, e a Administración local, que consignará 900.000 euros a este fin*
- *A Xunta garante así o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, tomando en consideración as necesidades particulares dos cidadáns do medio rural*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Portomarín para a construción dun centro con 16 apartamentos tutelados onde se prestarán servizos de promoción da autonomía e atención á dependencia. Este equipamento suporá a creación de 40 novas prazas de atención a persoas maiores e/ou dependentes na zona central de Lugo.

A posta en funcionamento dun centro de servizos sociais destas características dará resposta á demanda existente, garantindo así o dereito a que os servizos no medio rural sexan accesibles ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, e tomando en consideración as necesidades particulares dos cidadáns do medio rural na definición e aplicación das políticas e medidas de protección social.

O convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018 e o importe total do orzamento ascende a 1.100.000 euros, dos cales a Xunta de Galicia financiará ata un máximo de 200.000 euros e o importe restante -900.000 euros-, será achegado polo concello ou outras fontes de financiamento.

A construción deste centro en Portomarín, complementa as actuacións realizadas en base ao Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2010-2014, un programa no que se analiza a situación e as necesidades de cada zona rural impulsando actuacións específicas. Entre as fontes de financiamento empregadas para acometer tales investimentos atópanse, por unha banda as cofinanciadas pola Administración xeral do Estado a través do Programa de desenvolvemento rural (PDR) e por outra, os recursos propios da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia está a impulsar con cargo aos seus orzamentos as actuacións que pola súa singularidade adquiren un carácter prioritario. Tal é o caso das obras de construción deste centro onde se prestarán servizos das carteiras de promoción da autonomía e atención á dependencia.

A XUNTA DESTINA 5 MILLÓNS DE EUROS A INCENTIVAR A CONTRATACIÓN DE PARADOS DE LONGA DURACIÓN E MELLORAR O EMPREGO AUTÓNOMO

- *O Goberno galego investirá 3 millóns de euros para incentivar entre os autónomos o emprego nas pequenas empresas de nova creación e nas iniciativas locais de emprego*
- *Estímase que poderán optar a estas axudas como mínimo 250 empresas e 530 autónomos e parados de longa duración*
- *Os beneficiarios da orde de autónomos poderán recibir ata un máximo de 30.600 euros para a creación de iniciativas que polo menos impliquen dúas persoas*
- *Actívanse axudas para a xeración de emprego estable, formación, inicio da actividade e a conciliación dos autónomos sufragándose o 75% do custo da escola infantil dos fillos menores de 3 anos cun máximo de 3.000 euros*
- *Economía, Emprego e Industria destinará 2 millóns de euros ao programa para mellorar as oportunidades aos parados de longa duración, que inclúe apoios de entre 2.500 a 23.000 euros*
- *As dúas actuacións enmárcanse na Axenda 20 para o Emprego coa que a Administración ten o obxectivo de reducir a taxa de paro ata o 10% en 2020*

A Xunta pon en marcha dous novos programas de axudas para incentivar a creación de emprego de calidade entre os autónomos e os parados de longa duración. O Goberno galego inviste nestas dúas iniciativas, das cales informou hoxe no Consello da Xunta, un total de 5 millóns de euros, un orzamento co que se estima poder beneficiar como mínimo 250 empresas e 530 autónomos e parados de longa duración.

A nova axuda para os autónomos, dotada con 3 millóns de euros, incentiva o emprego estable nas pequenas empresas de nova creación e nas iniciativas locais de emprego. Existen un total de catro modalidades de apoios compatibles entre si a través das cales os beneficiarios poden recibir ata un máximo de 30.600 euros para o desenvolvemento de iniciativas que impliquen polo menos dous traballadores autónomos. En concreto, actívanse axudas á xeración de emprego estable, para a formación, o inicio da actividade e a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Para incentivar a contratación, existen apoios de 4.500 a 6.000 euros por emprego estable ata un máximo de 10 postos que se poderá incrementar nun 15% no caso de empresas situadas en concellos rurais. A formación xerencial e/ou directamente relacionada coa actividade que se vai desenvolver financiarase nun 75% do seu custo, cun máximo de 3.000 euros.

Doutra banda, o inicio da actividade poderá contar con axudas de entre 3.600 a 4.800 euros por emprego cun máximo de 10. Apoiaranse os gastos derivados de compra de

mercadorías, arrendamento do local, maquinaria e equipamentos informáticos e gastos do seguro do local, publicidade e subministracións.

A cuarta modalidade deste programa promove a conciliación cubrindo o 75% do custo da escola infantil dos fillos menores de 3 anos dos autónomos cun máximo de 3.000 euros.

Os autónomos que queiran beneficiarse deste programa deberán estar dados de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de setembro deste ano.

Incentivos para a contratación de desempregados

Con respecto aos apoios para os parados de longa duración, a Consellería de Economía, Emprego e Industria dedica 2 millóns de euros en axudas que variarán, segundo a modalidade do contrato, entre 2.500 e 23.000 euros. Neste caso existen dúas modalidades neste programa: para as contratacións indefinidas iniciais e para as transformacións de contratos temporais en indefinidos. Apoiaranse as contratacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o 30 de setembro de 2016.

Esta iniciativa enmárcase no Plan de axudas aos parados de longa duración ao que o Goberno galego destinará un total de 10 millóns de euros. A este programa de incentivos súmase un programa de orientación para incrementar nas oficinas de emprego o número de titores especializados que deseñan o itinerario personalizado de inserción (IPI) de cada desempregado e para a mellora da formación do persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Tanto os autónomos como os parados de longa duración son colectivos prioritarios para a Xunta no marco da Axenda 20 para o Emprego que busca reducir a taxa de paro ata o 10% ata o 2020. Deste xeito, o Goberno galego está a investir este ano 40 millóns de euros no impulso ao emprendemento a través de asesoramento desde a primeira idea, ata o financiamento do proxecto. Para iso, ten posto en marcha distintas ferramentas de apoio como a Rede de lanzadeiras e aceleradoras de emprendemento, así como programas de axudas como o Galicia Investe e o Fondo Galicia Emprende.

A XUNTA DESTINARÁ 2,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A PLANTACIÓN DUNHAS 1.000 HECTÁREAS DE CASTIÑEIROS PARA FROITO

- *As actuacións subvencionables son os gastos de plantación forestal, incluíndo os necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo e adquisición de planta, entre outras*
- *Mantense aberto o prazo de solicitude das axudas destinadas ao fomento da silvicultura en bosques no medio rural*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre as axudas para o establecemento de sistemas agroforestais que combinen o aproveitamento forestal coa actividade agrícola e nomeadamente a plantación de castiñeiros para froito, cun orzamento de 2,6 millóns de euros.

Estas achegas permitirán a plantación dunhas 1.000 hectáreas destas árbores, propiedade duns 700 titulares. Estas achegas están cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Os principais obxectivos desta medida pasan polo fomento dos sistemas agroforestais e a súa preservación, o aproveitamento sustentable dos soutos de castiñeiros, o mantemento da actividade agraria nas zonas rurais, e en particular nas zonas de montaña, e o apoio a un produto galego de calidade amparado pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Castaña de Galicia.

As actuacións que poderán ser obxecto de subvención son os gastos de plantación forestal, incluíndo os necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, adquisición de planta, etc. Tamén haberá primas de mantemento, destinadas ao coidado, mantemento, enxertado no caso de ser necesario e demais traballos posteriores á plantación do castiñeiro para froito, que son precisos para o logro da plantación realizada. Subvencionaranse, igualmente, as infraestruturas de acompañamento e as obras complementarias.

Con respecto á anterior convocatoria, mellórase a redacción en diferentes aspectos, como a eliminación do criterio de pendente máxima ou a diminución da superficie mínima elixible. Ademais, non se limita a superficie máxima e amplíase o ámbito xeográfico a toda a Comunidade Autónoma, aínda que se dará prioridade, inicialmente, ás actuacións dentro do ámbito da IXP Castaña de Galicia, e tamén nas zonas de montaña.

Ampliación crédito axudas silvicultura

Precisamente no eido forestal foi publicado o pasado 17 de xuño no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) a ampliación do orzamento para as axudas destinadas ao fomento da silvicultura en bosques no medio rural. En concreto, incorpóranse 4 millóns de euros máis para cubrir esta convocatoria de 2016, co cal o orzamento total ascende xa a 15 millóns de euros. Estímase que desta axuda poderán beneficiarse arredor de 600 solicitantes.

As liñas obxecto de subvención teñen que ver coa realización de prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible, como son rozas, rareos, claras e podas, coa finalidade de prevención de incendios. Estas axudas tamén irán destinadas a tratamentos silvícolas (claras, rareos, podas, talas de formación, rozas, etc.) e plantacións puntuais de determinadas árbores, directamente vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques.

A maiores, trátase de obter montes arborizados con producións elevadas e de calidade suficiente, que posibiliten o desenvolvemento da industria de transformación da madeira e a consolidación de aproveitamentos complementarios. E a promoción da silvicultura de xeito que contribúa como fonte de xeración de emprego das persoas que viven no rural, ademais de promover actuacións preventivas establecidas na lexislación galega sobre incendios forestais.